



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE SETEMBRO DO 2019.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D. Ramón José Doval Sampedro	Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño Secretario acctal.: D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día cinco de setembro do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/08/2019 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre palmeira e Aguiño” (Lotes 2 e 4 – Instalaciones Eléctricas Coruñesas)”**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/09/2019 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Subministración e instalación de luminarias na beira litoral entre palmeira e Aguiño” (Lotes 1 e 3 - Ferrovial)”**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- RENUNCIA AO POSTO PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA DE VERÁN NO LUGAR DE PUNTA TOURO, RIVEIRA.

EXPEDIENTE: ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021.

Visto o expediente para a autorización de ocupación temporal de terreos de titularidade municipal para a instalación de postos destinados a instalacións de tempada de verán (anos 2018, 2019, 2020 e 2021).

Visto o acordo adoptado pola Mesa de Contratación en reunión de data 25 de abril de 2018:

“Primeiro. De conformidade co disposto no artigo 8 do Prego, clasificar a oferta recibida coa seguinte proposta de adxudicación:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	CANON OFERTADO
Fernando Varela Rodríguez	Punta Touro	750,00 €

Segundo. Requirir ao licitador para que, dentro do prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a garantía ou fianza de conformidade co previsto no artigo 10 do Prego.

Terceiro. Unha vez depositada a fianza, remitir a proposta de adxudicación relativa ao posto denominado Punta Touro ao Órgano de Contratación aos efectos oportunos de adxudicación.”

Visto o requirimento de depósito de garantía ou fianza, de data 30 de abril de 2018 (escrito con data do 2 de maio de 2018, saída núm. 2.244), notificado en data 7 de maio de 2018.





Visto que se presentou a fianza en metálico que se indica a continuación:

- De Fernando Varela Rodríguez, DNI 33.278.245-M, por importe de 1.000 euros, segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data 21 de maio de 2018.

Visto o escrito presentado por Fernando Varela Rodríguez, de data 12 de xuño de 2018 (entrada núm. 8.820), mediante o que expón: *“Tendo en conta o alongamento dos prazos dos permisos da Dirección Xeral de Costas de Galicia, e como consecuencia disto a imposibilidade de abrir o Chiringo de Punta Touro antes, cando menos, de finais de Xullo,”* E solicita: *“O aprazamento do inicio da Concesión hasta o ano 2019, e non ter que aboar o canon correspondente a 2018. Solicitar, ademais, a devolución da fianza do mesmo ano.”*

Visto o acordo adoptado pola X.G.L., en sesión celebrada en data 14 de xuño de 2018, en relación coa solicitude presentada por Fernando Varela Rodríguez, de data 12 de xuño de 2018 (entrada núm. 8.820), no sentido de: autorizar o aprazamento do inicio da concesión ata o ano 2019 do posto adxudicado, aprobar a exención do canon correspondente á tempada 2018 e aprobar a devolución da fianza depositada correspondente á tempada 2018.

Visto o establecido no epígrafe 4º do PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021, aprobado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 8 de febreiro de 2018, ao respecto dos prezos e outras condicións: *“(…) A renuncia do posto unha vez adxudicado e transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles establecido no parágrafo precedente non será válida nin poderá admitirse pola Administración e **implicará a obriga do adxudicatario a aboar o canon ofertado correspondente á primeira anualidade**, con independencia de que instale o quiosco ou non. No caso de falta de pagamento do canon no prazo sinalado na base novena, considerarase débeda coa Administración, que poderá reclamala a través dos medios de execución forzosa legalmente establecidos. (…)*”

Visto o escrito presentado por Fernando Varela Rodríguez, de data 15 de xullo de 2019 (escrito con data do 18 de xullo de 2019, entrada núm. 10.388), mediante o que informa e comunica o seguinte: *“Qué sendo adxudicatario da concesión dun posto de instalación de tempada na Punta Touro en Riveira para 2018, 2019, 2020 e 2021, fago a miña renuncia a tal concesión.*

Son varios os motivos polos que fago a renuncia, tanto económicos como persoais.

Os económicos baséanse na dificultade de acadar beneficios na citada concesión (que foi unha segunda elección, e de ahí o pouco tempo de planificación xá no 2018).

Se ben asumíase que habería uns costes para a instalación do chiringo, despois de ter os presupostos de Viaqua e Fenosa para poder contar con agua, alcantarillado e luz na instalación, o coste de tales fornecementos non posibilitaría a rentabilidade da explotación. (Se ben na plica pon que é a cargo do adxudicatario tanto luz como





agua, a idea era correr ca instalación de electricidade e fontanería do chiringo, non ter que facernos cargo da chegada da rede e as obras necesarias para elo). Ademáis, en xuño de 2018 Ecoloxistas en Acción publicou un informe sobre praias con bandeira negra, e unha das nomeadas foi a de Punta Touro.

Os persoais, que un socio que iba a ser o que levara a atención do chiringo, acadou unha plaza de funcionario para ocupar neste mesmo verán de 2019.

Por unhas cousas e outras, pido a renuncia do posto, e suplico consideren facer o cargo económico de calquera dereito derivado da plica da adxudicación. (...)"

Atendendo ao exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 03/09/2019, **a XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17 de xuño de 2019 (*en base ao regulado nos artigos 21,3º e 23,2º da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e o artigo 43,2º, 114 e seguintes do RD. 2568/86, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, artigo 65 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia a, e o regulamento orgánico municipal*), **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

1. Aceptar a renuncia ao posto de instalación de tempada de verán (2018, 2019, 2020 e 2021), denominado Punta Touro, efectuada polo adxudicatario do mesmo, Fernando Varela Rodríguez (33.278.245-M).

2. Estimar a obriga recollida no epígrafe 4º do Prego reitor do expediente, no sentido de que o adxudicatario deberá aboar o canon ofertado correspondente á primeira anualidade, setecentos cincuenta (750,00) euros, contía equivalente á fianza que actualmente ten depositada no Concello.

3. Dar traslado do acordo adoptado aos Servizos Económicos do Concello aos efectos oportunos, así como ao interesado.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CAMBIOS DE TITULARIDADE E MODIFICACIÓNS POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P





nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P. nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desenvolvemento

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2.-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.





SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.





Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

QUINTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

SEXTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SÉTIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.





i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

NOVENO.- Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

DÉCIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Riveira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pol Técnico de Administración xeral urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/09/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE CAMBIOS DE TITULARIDADE E MODIFICACIÓNS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES (EXERCICIO 2019) nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Riveira.

Cambio de titularidade a efecto do segundo trimestre do exercicio 2019

José Javier Jimenez Jimenez con D.N.I. 52.933.187 K, titular do posto 138 A do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 5 mts, solicita cambio titular a favor de Diego Jimenez





Santos con D.N.I. 52.459.660 H titular do posto 139, pasando a formar unión de postos 139-138 A cunha ocupación de 9 mts.

139-138 A	JIMENEZ SANTOS DIEGO	52459660H	9	CALZADO - CONFECCION
-----------	----------------------	-----------	---	----------------------

Ana Isabel Santos Fariña con D.N.I. 53.484.586H, titular do posto Acera Churros do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 3 mts, solicita cambio titular a favor de Maria Dolores García Maneiro con D.N.I. 76.490.465 D

ACERA churros	GARCIA MANEIRO MARIA DOLORES	76490465D	3	ALIMENTACION
---------------	------------------------------	-----------	---	--------------

Isabel Motos Salazar con D.N.I. 11.941.273 H, titular do posto 109 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 mts, solicita cambio titular a favor de Lorena Fernandez Ferreruela con D.N.I. 45.861.018 F.

Daniel Jimenez Fariña con D.N.I. 32.425.775 F, titular do posto 110 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 mts, solicita cambio titular a favor de Lorena Fernandez Ferreruela con D.N.I. 45.861.018 F.

Atendendo a la solicitud del 12/06/2019 con rexistro de entrada 8297, e ante as continuas solicitudes de traslado do seu posto ó 303 a outra ocupación, concédesele a Lorena Fernandez Ferreruela, a union dos postos 109-110, pasando este a ter una ocupación de 12 metros. Da mesma maneira deixamos o posto 302 sin axudicatario.

109 -110	FERNANDEZ FERRERUELA LORENA	45861018F	12	CALZADO – CONFECCION
----------	-----------------------------	-----------	----	----------------------

Modificacións a efecto do segundo trimestre do exercicio 2019

José Manuel Pose Castelo con D.N.I. 52.934.610 H, titular do posto 26 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 4 mts. Solicita darse de baixa a efectos do segundo trimestre do exercicio 2019 (rexistro de entrada 7359 de data 27/05/2019)

026 (posto de baixa)	POSE CASTELO JOSE MANUEL	52934610H	4	ALIMENTACION
----------------------	--------------------------	-----------	---	--------------

Cipriana Pose Creo con D.N.I. 76.504.644 C, titular do posto 27 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 mts. Solicita darse de baixa a efectos do segundo trimestre do exercicio 2019 (rexistro de entrada 7360 de data 27/05/2019)

027 (posto de baixa)	CASTELO CREO CIPRIANA	76504644C	6	ALIMENTACION
----------------------	-----------------------	-----------	---	--------------

Cambio de titularidade a efecto do terceiro trimestre do exercicio 2019

Carlos Fernandez Salazar con D.N.I. 11.676.088 T, titular do posto 303 do mercadillo de Riveira, ó 28/05/2019 con rexistro de entrada 7408, solicita unir o posto 302 que quedou libre para pasar este a ter unha ocupación de 9 metros. O día 03/07/2019 (rexistro de entrada 9586) solicita o cambio de titularidade a favor de Moustapha Leye con D.N.I. Y 0.366.807 V

303	LEYE MOUSTAPHA	Y0366807V	9	CALZADO - CONFECCION
-----	----------------	-----------	---	----------------------

Aliou Kebe con D.N.I. Y 1.967.770 L, titular do posto 135 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 mts, solicita cambio titular a favor de Xaqueline Outeda Dominguez con D.N.I. 77.404.709 A

135	OUTEDA DOMINGUEZ XAQUELINE	77404709A	6	CALZADO – CONFECCION
-----	----------------------------	-----------	---	----------------------

Mohamed Laaeiaich Tazani con D.N.I. 45.849.756 S, titular do posto 134 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 mts, solicita cambio titular a favor de Marcelo Fabian Parra con D.N.I. Y 5.582.357 H.

134	PARRA MARCELO FABIAN	45849756S	6	CALZADO – CONFECCION
-----	----------------------	-----------	---	----------------------

Modificacións a efecto do terceiro trimestre do exercicio 2019

María Pilar Ferreiro López con D.N.I. 76.857.812 T, titular do posto 278 do mercadillo de Riveira, pasa a ocupar o posto 297 e a ter unha ocupación de 8 metros.

297	FERREIRO LOPEZ Mª PILAR	76857812T	8	CALZADO – CONFECCION
-----	-------------------------	-----------	---	----------------------





SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2019, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2019.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SÉTIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade,*





salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Gerardo M. Fernández Susavila**, de datas 20/05/2019, 19/06/2019 e 03/07/2019 (Rexistros de entrada nº 6.983, 8.784 e 9.657), nos que solicita licenza de obras para demolición e posterior construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta na Rúa do carreiro nº 6, Aguiño, Riveira, parcela con refª catastral nº 8780302MH9088S0001FP.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 10 de xullo de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 16 de xullo de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/09/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Gerardo M. Fernández Susavila **LICENZA DE OBRAS (nº 33/19)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA EXISTENTE** na Rúa do Carreiro nº 6, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8780302MH9088S0001FP nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2019, Plano de Alzados PB-5, redactados polo Sr. José Luis Recuna Cuiña e Sr. José María Fernández Dapena, (arquitecto col. nº 1.195 e 2.074 respectivamente).

SEGUNDO.- A demolición iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- CONCEDER ao Sr. Gerardo M. Fernández Susavila **LICENZA DE OBRAS (nº 34/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** na Rúa do Carreiro nº 6, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8780302MH9088S0001FP nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2019, Plano de Alzados PB-5, redactados polo Sr. José Luis Recuna Cuiña e Sr. José María Fernández Dapena, (arquitecto col. nº 1.195 e 2.074 respectivamente):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución co preceptivo visado colexial.***





- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 14,80 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 447,70 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, co preceptivo visado colexial.**

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

SEXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán





considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE MODIFICADO DE PLANTA BAIXA E PLANTA SOTO DO EDIFICIO DE VIVENDAS EN EXECUCIÓN AO AMPARO DA LICENZA DE OBRA Nº 7/18.

LICENZA DE OBRA Nº 7/18: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2018.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción dun edificio de planta soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta para 8 vivendas en total.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación do PLAN PARCIAL ABESADAS - B.

REFª CATASTRAL: 0314522NH0101S0001SX.

SITUACIÓN: Rúa Xoana Torres s/n, Riveira.

PROMOTOR/A: CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. (CIF B.15.202.864).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2016 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 29 de xullo de 2016, (Rexistro de entrada nº 9.894) (ANULADO) / Planos Modificados presentados en escritos rexistrados de entrada nas datas 23 de febreiro, 15 e 22 de xuño, 18 de agosto de 2017





(Rexistro de entrada nº 2.980, 10.298, 10.994 e 10.583) (ANULADOS) / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 5 de setembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 15.117) (ANULADO) / Documentación técnica modificada visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 5 de setembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 24 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 17.150) (ANULADO) / Proxecto Básico e de Execución que contén memoria descriptiva, plano de cotas e de planta baixocuberta modificada visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 31 de agosto de 2017 presentado en escritos rexistrados de entrada nas datas 15 e 23 de novembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 18.145 e 18.606) (ANULADO) / Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.929) / Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 982) / Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 15.117) / Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 17.228).
OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017.
NOVA DOCUMENTACIÓN: Memoria descriptiva da solicitude de modificación de planta baixa e planta soto sen visar asinado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión o día 1 de febreiro de 2018 acordou por unanimidade:

“
(...)

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, PARA 8 VIVENDAS EN TOTAL**, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.929), do Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 982) redactados polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), así como do Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 15.117), da Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017,





(Registro de entrada nº 17.228) así como do Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017:

- Durante a execución das obras de edificación deberase de complementar a urbanización do fronte de parcela; regularizando o pavimento (pavimento asfáltico e baldosa en beirarrúa existente), así como garantir a conexión cos servizos urbanos existentes na fronte da parcela. Aos efectos de garantir esta obriga, deberá de imporse un **AVAL bancario polo importe de 2.400 €**.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial**.

(...)
“

SEGUNDO.- Posteriormente a entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L., solicitábase, en escrito rexistrado de entrada o día 3 de abril de 2019, (Registro de entrada nº 4.661), modificado da licenza de obras nº 7/18 para construción de edificio de 8 vivendas no que ataíña á planta baixa e planta soto achegando Memoria descriptiva da solicitude de modificado de planta baixa e planta soto sen visar asinado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

TERCEIRO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 27 de maio de 2019 no que analiza en **sentido desfavorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

CUARTO.- A notificación do citado informe desfavorable que non autorizaba as modificacións solicitadas notificouse á entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. o día 25 de xuño de 2019.

QUINTO.- Posteriormente a entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L., reitera en escrito rexistrado de entrada o día 26 de xuño de 2019, (Registro de entrada nº 9.181), a solicitude do modificado da licenza de obras nº 7/18 para construción de edificio de 8 vivendas no que ataíña á planta baixa e planta.

SEXTO.- Por último o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño reitera tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 4 de setembro de 2019 no que analiza en **sentido desfavorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación, e que se transcribe:

“
(...)

ASUNTO:

SOLICITUDE DE LICENZA DE MODIFICADO SOBRE A LICENZA CONCEDIDA EN XGL DE DATA DE 01.02.2018 (Nº 7/2018) PARA OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE PLANTA





SOTO, PLANTA BAIXA, E 3 PLANTAS ALTAS E UNHA PLANTA
BAIXO CUBERTA PARA UN TOTAL DE 8 VIVENDAS, A
EMPRAZAR NA RÚA CUBELIÑOS. RIVEIRA

SOLICITANTE: CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS, S.L.
ENTRADA Nº: 04661 (03.04.2019) e 09181 (26.06.2019)
ORZAMENTO: €

Vista a solicitude de licenza de obras municipal presentada e a documentación técnica redactada polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, e a documentación complementaria aportada con data de 26.06.2019 e onde se presenta a fase de execución e xustificación do cumprimento da normativa de protección contra incendios, que por outra banda, non conta con visado colexial, e unha vez examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM), aprobado en data de 17 de decembro de 2002, ao amparo da Lei 1/97 do solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

ANTECEDENTES E DATOS DE PARTIDA:

1.- Con data de 01.02.2018 a XGL concedeu licenza de obras a entidade mercantil "Construcciones Cubeliños, s.l." para a construción dun edificio de vivendas a emprazar no lugar de Cubeliños. O ámbito sobre o que se sitúa a edificación obxecto de intervención aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM de Riveira como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza regulada no Plan parcial aprobado no seu día, Plan parcial de Abesadas B, xunto co establecido polo artigo 93 do vixente PXOM, e que fai referencia ao número de alturas permitidas e o resto das ordenanzas de carácter xeral do mesmo. No presente caso autorízanse un máximo de : PB+ 3P + BC. O baixo cuberta regúlase tamén no citado artigo 93 do PXOM.

2.- O edificio autorizado mediante a licenza de obras nº 7/18 execútase entre medianeiras e composto dunha planta soto (prazas de garaxe e rochos) e con entrada a traveso da planta soto do edificio contiguo, onde se sitúan 10 prazas de garaxe e 7 rochos, unha planta baixa con dous locais comerciais e un rocho (nº 8) con acceso desde o portal do edificio, así como tres plantas altas (2 vivendas por planta) e unha planta baixo cuberta, para un total de oito (8) vivendas, 2 locais comerciais en planta baixa, 10 prazas de aparcamento e 8 rochos (7 en p. soto e 1 en p. baixa).

3.- O edificio comparte na súa planta soto garaxe/aparcamento co edificio contiguo. Deste xeito xustifícase a entrada de vehículos á planta soto, onde se sitúan 10 prazas de aparcamento e sete rochos, así como o núcleo de comunicacións de acceso ás plantas altas do edificio (escaleira e ascensor).

4.- Mediante a presente solicitude de modificación de licenza de obras, e tal e como se describe na documentación redactada a tales efectos polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, preténdese eliminar a escaleira que ascende desde a planta soto á planta baixa, reconfigurando a distribución da planta soto e, de xeito parcial tamén a planta baixa. Desta maneira a única saída peonil da planta soto realizaríase a traveso da rampla de entrada existente de vehículos ao garaxe.

INFORME:

Emítese o presente informe aos efectos sinalados nos artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de





xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

O presente informe ten por obxecto comprobar dende o punto de vista técnico que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo consignado no proxecto básico se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, que o aproveitamento axústase ao suceptibel de apropiación e que as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles polo ordenamento xurídico vixente; así como a acreditación do contido mínimo documental do proxecto segundo o Anexo I do Código Técnico da Edificación (CTE), examinando aqueles documentos que con carácter obrigatorio teñen que constar no proxecto básico, e a xustificación expresa do proxectista do cumprimento do CTE.

ANÁLISE DO CONTIDO DO PROXECTO:

1.- A documentación técnica aportada sería insuficiente para autorizar as obras pretendidas, toda vez que sendo un proxecto en fase de execución (presentado en data de 26.06.2019). De tódolos xeitos, aos efectos de valorar a proposta e a súa adecuación coa normativa sectorial aplicable; normativa de protección contra incendios (CTE) no presente caso e de habitabilidade, posto que se trata de valorar a suficiencia dunha única saída peonil na planta soto do edificio destinada a garaxe, con un total de 20 prazas; entre as dúas promocións que comparten aparcamento soterrado.

2.- De tódolos xeitos, e toda vez que para poder autorizar a existencia dunha única saída peonil en planta soto, e sendo de aplicación aos efectos o establecido no CTE- DB-SI-3, debemos de significar o seguinte:

ÚNICA SAIDA PLANTA GARAXE (Rampla de garaxe) / USO APARCAMENTO:

Establece o apartado específico da Norma que se deberán de cumprir unha serie de condicións:

a.- Distancia máxima de 35 metros desde a porta de saída a calquera punto do garaxe.

b.- Pendente máxima da rampla de garaxe. 18º, salvo que a normativa municipal sexa mais estrita.

c.- Paso peonil propio de ancho mínimo 80 cms, separado da zona da rampla de tránsito de vehículos, que deberá de estar perfectamente sinalizado e/ou con resalte ou escalón con respecto á rampla. no pavimento.

d.- A porta peonil propia de saída de ancho mínimo 90 cms.

3.- Tal e como se aclara e significa na documentación técnica aportada con data de 26.06.2019, e redactada polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, e de xeito excepcional a norma permite en uso aparcamento, e de unha planta, ampliar o percorrido de evacuación ata a distancia a 50 metros, e sempre que teña unha saída directa a un espazo exterior seguro e a ocupación non exceda de 25 persoas. A ocupación no presente caso é inferior a 25 persoas (14 persoas/proxecto).



FIRMANTE - FECHA





4.- Puido comprobarse sobre o plano soto completo, onde se reflicte a planimetría das dúas plantas sotos que comparten saída e entrada, e tal e como se ten autorizado baixo licenza outorgada en XGL de data de 01.02.2018, o seguinte:

a.- Que o ancho total da rampla de entrada e sobre a que se pretende realizar a única saída peonil ten un ancho total de 3,60 metros. Por outra banda tanto o Decreto de Habitabilidade (apartado I.B.5.2.1.: Dimensión das ramplas de circulación para vehículos), como a propia normativa municipal (artigo 112, apartado 3 do PXOM) establece un ancho mínimo de rampla de 3,00 metros. E tendo en conta que para o presente caso establece a normativa de incendios, tal e como se ten exposto no apartado anterior, a saber:

c.- Paso peonil propio de ancho mínimo 80 cms, separado da zona da rampla de tránsito de vehículos, que deberá de estar perfectamente sinalizado e/ou con resalte ou escalón con respecto á rampla. no pavimento.

5.- De realizarse a saída independente peonil de 0,80 metros, como ben establece a normativa de protección contra incendios, quedaría un ancho de rampla de 2,80 metros; sensiblemente inferior ao mínimo esixido ao respecto (3 metros), e invalidando a rampla de acceso para vehículos. Polo que a proposta prantexada non ten cabida desde o punto de aplicación da normativa sectorial e urbanística.

6.- Puido comprobarse tamén sobre a planimetría aportada (plano de planta soto) que a distancia mais desfavorable (distancia máxima) no presente caso é superior aos cincuenta metros, concretamente 54 metros, e por conseguinte superior á distancia máxima que establece de xeito excepcional a normativa de incendios para poder dispor de unha única saída da planta soto (uso: aparcamento) a traveso da rampla de entrada de vehículos. Tómasse como referencia como distancia mais desfavorable a evacuación dunha persoa desde o traseiro nº 7, que efectuando un percorrido seguro e tendo en conta a ocupación das prazas de aparcamento, a distancia a salvar ata o portal de saída é de 54 metros. Polo que tampouco se cumpre con este parámetro de percorrido máximo de evacuación.

CONCLUSIÓN:

Non se cumpren os parámetros esixibles pola normativa de protección contra incendios para poder eliminar a escaleira de evacuación da planta soto, e deste xeito poder ter unha única entrada a traveso da rampla de acceso de vehículos ao conxunto da planta soto, destinada a garaxe e trasteiros. Sostendo que esta cuestión non é subsanable, xa que polas características da planta soto non é viable a solución de unha única saída, tal e como se propón, e si polo contrario, o estado actual da planta soto tal e como se ten autorizado baixo a licenza de obras concedida en XGL de data de 01.02.2018, polo que **informamos a presente solicitude de xeito DESFAVORABLE.**

Riveira, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO





PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO** con aplicación do **PLAN PARCIAL ABESADAS - B.**

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da





lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos tense en conta a seguinte documentación que consta no expediente para a concesión da licenza de obra, Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.929), Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 982), Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 15.117), Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 17.228) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos





ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.





g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 4 de setembro de 2019 e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/09/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

DENEGAR á entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. **O MODIFICADO DA LICENZA DE OBRAS Nº 7/18** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, PARA 8 VIVENDAS EN TOTAL**, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Riveira, **NO QUE SE REFIRE Á PLANTA BAIXA E PLANTA SOTO**, coas motivacións sinaladas polo arquitecto municipal en informe emitido o día 4 de setembro de 2019, polo que deberá axustarse á documentación técnica que serviu de base a concesión da licenza de obra nº 7/18 concedida pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 1 de febreiro de 2018.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. HÉCTOR MANUEL RODRÍGUEZ LEMA POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POR MOR DUNHA TAPA DO REXISTRO DE PLUVIAIS QUE ESTABA ROTA. EXPEDIENTE RP/12/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Héctor Manuel Rodríguez Lema**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Na data 25/01/2018, rexistrado co número 1.148, recíbese escrito do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña, no que se dispón o seguinte: “Visto o escrito presentado por Don HECTOR MANUEL RODRÍGUEZ LEMA no que formula Reclamación de Responsabilidade Patrimonial polos danos sufridos polo vehículo marca OPEL CORSA matrícula 7664 CWK debido á colisión do referido vehículo cunha tapa de rejilla do alcantarillado de pluviais rota; solicitando indemnización de 453,67 euros. O informe do Servizo de Vías e Obras desta Deputación que se adxunta indica que “El sumidero objeto de la presente reclamación, pertenece a la red de pluviales, estando situada en el arcén derecho de la carretera. Cabe destacar que, según se define en el Reglamento General de carreteras de Galicia, el arcén es la franja longitudinal pavimentada, contigua a la calzada, no destinada al uso de vehículos automóviles, salvo en casos excepcionales” Polo tanto, faise chegar o expediente da reclamación ao CONCELLO DE RIBEIRA, de conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, para que da cordo con contido do devandito precepto, proceda a tramitela solicitude presentada por Don HÉCTOR MANUEL RODRÍGUEZ LEMA.”

Segundo.- De conformidade co escrito achegado pola administración provincial, por Decreto da Alcaldía do 18/07/2018 resolvese iniciar o expediente para determina-la responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu esta Administración.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo remitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 02/08/2018 co número 11.364.
- Informe emitido na data 12/08/2018 pola Policía local.
- Informe emitido na data 24/08/2018 por Viaqua, rexistrado de entrada na data 24/07/2018 co número 201800011007.
- Informe emitido na data 08/07/2019 polo xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.





Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 23/09/2019
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 23/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/09/2019 13:12:19





cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. Héctor Manuel Rodríguez Lema para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende, por ser o titular do vehículo que resultou danado no accidente, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos. Así se deduce do informe pericial que o reclamante achega coa súa reclamación.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira, no informe emitido na data do accidente dispón: "(...) Personados en el lugar c/Cerca de la altura del nº 124, comprobamos la existencia del accidente en el que esta implicado el vehículo OPEL CORSA matrícula 7664CWK propiedad de Héctor M. Rodríguez Lema (...). **Que en ese tramo de vía perteneciente a la red de carreteras provinciales DP-7306 (Aguño-Carreira) siendo titular de la misma la Diputación de A Coruña.** En ese punto en concreto, existe una tapa de rejilla del alcantarillado de pluviales situada en el margen derecho de la calzada, tomando como sentido de marcha la dirección que llevaba el vehículo implicado de c/Cerca hacia A Graña, siendo esta tapa, según el conductor requirrente, la que le causó los daños en su vehículo. Realizada una inspección ocular se pudo observar que el paragolpes y aleta delantera de su lado derecho presenta daños y se encuentra desenganchada en su parte superior a la altura del capó, así mismo en su parte inferior se observan en las defensas arañazos en la pintura (...), siendo factible que los daños fueses causados al pasar sobre la citada tapa, observando que concretamente esa tapa se encontraba rota por la mitad y dentro de la arqueta (...)”
- A entidade VIAQUA, no informe emitido na data 24/07/2018, dispón: “1) Este servicio tuvo conocimiento de los hechos por los que se reclama ya que fuimos requeridos por la Policía el día del siniestro. 2) Las causas del siniestro se deben a que al pasar la rueda del vehículo por encima de la rejilla, ésta se partió, provocando daños en el mismo. Aunque la rejilla está situada entre la línea del límite del carril y el arcén, y los vehículos no deberían pasar sobre ella, lo cierto es que se ha observado que por su



FIRMANTE - FECHA





situación en la curva casi todos la pisan, y algunos a velocidad elevada, 3) **La rejilla pertenece a la red de evacuación de aguas pluviales (red drenaje) del vial DP-7306, y entendemos que deber ser la administración propietaria del vial la responsable de su estado de conservación, como así ha sucedido en otras ocasiones.** 4) **Este servicio señaló la rejilla para evitar nuevos accidentes y dio parte del suceso a los técnicos de la Diputación de A Coruña, que sustituyeron la rejilla en los días posteriores.** 5) **El último siniestro de las mismas características ocurrido en este tramo del que este servicio tiene constancia ocurrió en fecha 1 de junio de 2011, y fue en el mismo lugar."**

- Por último a Deputación da Coruña, en informe emitido na data 08/07/2019, dispón canto segue: "1. Recibido no Servizo de Patrimonio e Contratación oficio do Concello de Riveira de data 07/06/2019, en relación co expediente de responsabilidade patrimonial, incoado a instancia de D. Héctor Manuel Rodríguez Lema, e que lle fora remitido a esa Administracións pola Deputación Provincial da Coruña, ao entender nunha análise inicial que o expediente correspondía resolvelo ao referido Concello, por ser este o competente. 2. Respecto das cuestións formuladas polo Concello de Riveira no seu escrito, infórmase do seguinte: a) Respecto de si a Deputación é coñecedora doutros sinistros acontecidos no lugar, infórmase que segundo se indica no informe do Servizo de Vías e Obras, de data 01/03/2019 e 22/12/2017, non consta nesta Administración que se puxera no coñecemento do referido Servizo a produción doutros sinistros similares. B) Respecto de si a Deputación Provincial se fixo cargo do arranxo da rejilla en cuestión en días posteriores á data do accidente, segundo se indica polo Servizo de Vías e Obras nos seus informes de 01/03/2019 dise "dicho sumidero no fue reparado por esta Diputación Provincial, no figurando la reparación de ninguna rejilla de sumidero en la carretera DP-7306 en las actuaciones realizadas por la empresa adjudicataria del contrato de "REPARACIÓN DE DAÑOS URGENTES EN LAS CARRETERAS RPOVINCIALES ZONA D-2" (17.1190.0008.0). ANUALIDAD 2017". C) Respecto a se é certo que a Deputación é a Administración responsable do mantemento da rede de avacuación de augas pluviais do vial DP-7306, **nunha análise inicial do expediente estimouse que o sinistro se producira nun tramo urbano. Sen embargo, tras unha nova análise do expediente, conclúese que o lugar onde se produciu o sinistro non era un tramo urbano, polo que lle corresponde á Deputación Provincial a resolución da referida reclamación de responsabilidade patrimonial, motivo polo que se informa ao Concello de Riveira, que se tramitará a referida reclamación desde esta Administración, salvo mellor criterio."**

Da análise das probas referidas, extraemos a conclusión de que a Administración responsable do mantemento e conservación da rejilla que ocasionou o accidente polo que se reclama, non é o Concello de Riveira, senón a Deputación da Coruña, que é quen, neste caso, ostenta a lexitimación pasiva.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/09/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Héctor Manuel Rodríguez Lema polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por José Manuel Dios Tomé en representación de **Auto Vidrio Plus, S.L.**, de data 02/08/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 11.018), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao local destinado a almacén de lúas do inmovible situado en Avenida da Coruña, nº 120, Local 3, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/08/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Auto Vidrio Plus, S.L. autorización para a instalación dun senal de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de pintado de marca vial amarela no bordillo da berarrúa, na entrada ao local destinado a almacén de lúas do inmovible situado en Avenida da Coruña, nº 120, Local 3, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **Juan M. Muiños Casais**, de data 27/08/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 11.899), no que solicita o repintado de liña amarela diante do vao permanente situado en Rúa Amado Carballo, nº 5, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/08/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar o pintado de liña amarela enfronte do vao permanente situado en Rúa Amado Carballo, nº 5, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o **informe** emitido pola Policía Local, de data 02/09/2019, relativo á rotura dun espello de seguridade vial que se atopaba no medio da calzada no cruce da Avenida da Coruña con Rúa Camiño do Caramcheiro, como consecuencia de fortes ventos.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á substitución do citado espello de seguridade vial, dando traslado deste acordo ao capataz do servizo de vías e obras para que proceda á súa instalación.

2.- Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 03/09/2019, relativo á reposición de sinalización R-101 (sinal de entrada prohibida) nas inmediacións do colexio Heroínas de Sálvora (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á reposición da sinalización R-101 (sinal de entrada prohibida) nas inmediacións do colexio Heroínas de Sálvora (Aguíño), debendo estar acompañada dun cartel complementario informando “durante o período escolar, de 08:30 a 09:30 h e de 13:30 a 14:30 h”, según o sinalado no citado informe policial.

3.- Visto o escrito presentado por **María J. Sampedro**, de data 30/08/2019 (Rexistro de entrada nº 12.065), no que solicita unha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Avda. da Constitución (Riveira), nas proximidades ao Colexio Galaxia.

A Xunta de Goberno Local, visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 30/08/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Avda. da Constitución (Riveira), nas proximidades ao Colexio Galaxia, solicitada por María J. Sampedro, co pintado das correspondentes marcas viais así como sinalización vertical, según o sinalado no citado informe policial.

4.- Visto o escrito presentado pola **Asociación de Empresarios de Riveira**, de data 18/07/2019 (Rexistro de entrada nº 10.416), no que solicita a habilitación dunha zona reservada para carga e descarga de mercancías na Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 15/08/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a habilitación dunha Zona Express de 10,5 m., á altura do nº 2, a Rúa Xosé Ramón Fernández Barreiro (Riveira), coa correspondente sinalización vertical na figure a inscrición “Zona Express – Máximo 15 minutos”, na que ademais quedará delimitado o espazo por sinalización horizontal.





O horario de limitación comprenderá de 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h., excepto os domingos e festivos e a tarde dos sábados, que serán de libre estacionamento.

5.- Visto o escrito presentado por **José Vázquez Otero**, de data 22/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.721), no que solicita a sinalización do límite de velocidade a 30 km/h (R-301) na vía DP 7303, no tramo que discorre desde o Colexio A Milagrosa ao campo de fútbol de Oleiros, así como a colocación dun espello de tráfico á altura da Rúa Cruceiro, nº 3.

A Xunta de Goberno Local, visto o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/08/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Informar** ao solicitante que a vía DP-7303 é de titularidade da Xunta de Galicia, polo tanto, a competencia da sinalización corresponde á Xunta (*Artigo 142 do Real Decreto 1428/2003, de 27 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo*).

Non obstante, a instalación da sinal vertical de límite de velocidade máis axeitado é a de **50 km/h**, a establecida actualmente mediante a normativa vixente da Lei de Tráfico e Seguridade Vial, e Norma 8.1-IC, de velocidades máximas establecidas en núcleos urbanos e travesías. Quedando pendente a reforma da mencionada Lei de Tráfico para límites de velocidade máxima de 30 km/h para a súa futura aprobación.

- b) En relación coa colocación dun **espello** de tráfico á altura da Rúa Cruceiro, nº 3, autorizar a instalación do espello vial solicitado, pero neste caso, ao tratarse da saída dun recinto de carácter privativo, o propietario do inmovible deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, previamente á súa instalación, que será realizada polo concello.

RESOLUCIÓN RELATIVA A SOLICITUDE DE CAMBIO DE LOCALIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DA CERVEXA ARTESÁ E COMIDA DE RÚA DE RIVEIRA (2º RIVEIRA BEER FEST)

Visto o escrito presentado por Esteban Loureiro Lusquiños, en representación da **Asociación Galega de Cervexeiros**, de data de entrada 27 de agosto de 2019 (nº de entrada 11875), solicitando un cambio de localización para celebrar a "2ª RIBEIRA BEER FEST" Festival de cervexa artesá e food truck na Praza do Concello de Riveira os días 20, 21 e 22 de setembro do 2019; e no que expón que ao non ter resposta desde Portos á súa petición (autorizar a ocupación do Malecón





de Riveira) e ao acercarse as datas de previsión para a celebración do evento, solicitan un cambio de localización pasando de estar no Malecón de Riveira a estar na Praza do Concello.

Visto que a distribución do espazo que presentan é a seguinte: estarían instalados 6 food trucks na zona que está pegada á estrada (ocupando o espazo de carga e descarga así como a dos vehículos de emerxencia), na zona que está pegada ao lado do concello estarían 8 cervexeiros e a tarima para os concertos e no medio da praza colocarían as mesas e as cadeiras. Nos arredores estarían tamén os wcs químicos.

Visto que na memoria presentada expoñen que asumen o custo do xerador eléctrico, wcs químicos, concertos e publicidade.

Visto o **informe policial** negativo emitido ao respecto, de data 28/08/2019, no cal non ven factible a ocupación da estrada reservada para carga e descarga, vehículos de emerxencia e boca de emerxencia.

Visto o **informe** con proposta de resolución desfavorable emitido ao respecto polo Concelleiro de Turismo e Comercio do Concello de Riveira, Ramón José Doval Sampedro, de data 28/08/2019

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

DESAUTORIZAR a celebración da 2ª Feira da Cerveza Artesá de Riveira (2ª Riveira Beer Fest”) do 20 ao 22 de setembro na Praza do Concello de Riveira, debido a que **non é viable que se ocupe con food trucks, concretamente seis, o lateral da estrada reservado para carga e descarga e para vehículos de emerxencia (bombeiros, G.A.E.M, policía, ...) ademais de estar localizada nese contorno o acceso á boca de emerxencias.**

Este concello entende que non se pode obstaculizar un espazo que é imprescindible e necesario manter desocupado ante un posible caso de emerxencia.

Asímesmo, o Concello de Riveira entende que ao ser unha actividade organizada por unha entidade en particular, como é a Asociación Galega de Cervexeiros Artesáns, na cal se realiza venda e se persegue un fin económico, terían que asumir os conceptos anteriormente mencionados e, ademais, facerse cargo tamén, das acometidas de auga e reforzo de contenedores de lixo co seu correspondente baleirado.

RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DE LOCAL UBICADO NA AVENIDA DOS AIRÓS (TOURO), PROPIEDAD DA ENTIDADE “OBRAS Y





SERVICIOS LIJÓ, S.L." PARA A INSTALACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO "PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR".

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebraba na data 29/08/2019, adoptou os seguintes acordos, en relación co expediente de referencia:

Primeiro.- *Proceder á realización do pago do importe do embargo existente a favor da Deputación Provincial da Coruña e co que se grava o inmovible cuxa adquisición se pretende, descontando a contía que corresponda do prezo final de venda do citado local, xa que este ten como destino a prestación dun servizo público, co cal debe adquirirse libre de cargas e gravames, polo que, con anterioridade á formalización da compravenda en escritura pública, o citado local deberá quedar liberado do embargo a favor da Deputación Provincial da Coruña ao que se fai referencia no Fundamento de Dereito Segundo deste informe.*

Segundo.- *Adquirir o inmovible descrito no Fundamento Segundo deste informe, coa referencia catastral 11109B6NH0101S0003YQ, propiedade da entidade "Obras y Servicios Lijó, S.L." con CIF B-15970692, polo prezo total de 80.490,71 euros, do que se desconta o importe do embargo existente a favor da Deputación Provincial da Coruña abonado polo Concello.*

Terceiro.- *Proceder á compensación da débeda que a entidade vendedora ten con Concello de Riveira, e que deberá ser obxecto de actualización na data en que se formalicen as operacións oportunas, co importe do prezo que o Concello ten que pagar á entidade vendedora, unha vez descontado o importe do embargo antes referido.*

Cuarto.- *Reter a contía resultante, despois de realizadas as operacións anteriores, a fin de remitir os fondos embargados á Tesourería Xeral da Seguridade Social, en cumprimento das notificacións e mandamentos para o embargo dos créditos e dereitos da entidade "Obras y Servicios Lijó, S.L." de datas 20/03/2018 e 01/07/2019, en relación ao expediente 15 05 17 00258513 tramitado por esa Administración.*

Quinto.- *O fin da adquisición deste inmovible é a súa cesión gratuíta á Consellería de Política Social para a implantación do denominado "Punto de Encontro Familiar".*

Sexto.- *As partes vendedoras quedan obrigadas á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.*

Sétimo.- *Incluír o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.*





Oitavo.- Facultar ao Sr. Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura da escritura pública de adquisición do ben inmovible, sendo por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.

Noveno.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentamentos rexistrals, segundo a lexislación hipotecaria.

Décimo.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, significándolles que deberán comparecer no momento en que sexan emprazados para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida."

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Revisada a redacción dos acordos adoptados, cómpre matizar o acordo do punto cuarto, en relación á prelación dos créditos embargados a favor de diversas Administracións por débedas do vendedor, así como o punto sétimo e noveno, á hora de matizar que o ben que se adquire ostenta a cualificación xurídica de "patrimonial", e así deberá constar tanto no Inventario Municipal, como no Rexistro da Propiedade.

O órgano competente para proceder á modificación do acordo é a Xunta de Goberno Local, por se-lo órgano que adoptou o acordo cuxa modificación se pretende.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/09/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Proceder á modificación dos puntos cuarto, sétimo e noveno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 29/08/2019, en relación ao expediente de compravenda de local ubicado na Avenida dos Airós (Touro), propiedade da entidade "Obras y Servicios Lijó, S.L." para a





instalación do servizo público “PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR”, quedando redactados tal e como segue a continuación:

“Cuarto.- Reter a contía resultante, despois de realizadas as operacións anteriores, a fin de remitir os fondos embargados con arranxo á antigüidade e estando á data das dilixencias de embargo, en cumprimento das notificacións e mandamentos para o embargo de créditos e dereitos da entidade “Obras y Servicios Lijó, S.L.” en relación aos expedientes de embargo que consten notificados a este Concello.

“Sétimo.- Incluir o inmovible adquirido no Inventario Municipal de Bens coa cualificación xurídica de “ben patrimonial ou de propios”, e ao efecto de actualizalo, unha vez perfeccionada a súa adquisición.

“Noveno.- Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais, segundo a lexislación hipotecaria, inscribindo o inmovible en concepto de ben patrimonial desta Entidade Local.”

“SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2019-2020

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 04/09/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Paz Pérez, David	53795959V
González Albariza, Luis	53489508H
Brión Rodríguez, David	53796258V
Domínguez Pillado, Moisés	54228438G
Iglesias Torres, Álex	54227454D
Sampedro Lijó, Alejandra	53799894L
Sampedro Pérez, María	54224084C
Gómez Pouso, Vanesa	54224945F
Vila Ferreiro, Juan Antonio	54225588Y





Suárez Romero, Allison	53798214H
Martínez Hermo, Marta	53488791Z
Sampedro Suárez, Nayra	53798080E

ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE DE SUBMINISTRO DE REFUXIOS PARA A ESPERA DE AUTOBUSES EN ENTORNO RURAL E URBANO.

Visto o escrito remitido pola **Dirección Xeral de Mobilidade** – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de data 07/08/2019 (Rexistro de entrada nº 11.190), no que solicita documentación previa á adxudicación do subministro dos refuxios para a espera de autobuses solicitados polo Concello de Riveira.

Visto o **informe** emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 04/09/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda**:

a) **Informar** á Dirección Xeral de Mobilidade do seguinte:

- As dúas marquesiñas instaláranse no PQ 38+430 da AC-305, na marxe esquerda, en substitución doutras dúas xa existentes, polo que non se precisa nova autorización
- Os terreos están dispoñibles para a colocación dos refuxios e son de uso e dominio público
- De ser concedido o subministro o Concello asumirá a titularidade da marquesiña
- Os refuxios substituirán a outros dous existentes, que serán trasladados á nave da brigada de obras municipal para proceder a seu arranxo antes de ser instalados noutras paradas de autobús dentro do termo municipal

b) Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario acctal.

José Martínez de Llano Orosa

